

## O SARTEGO DE FERNANDO DE ANDRADE.

MARGARITA SANCHEZ YAÑEZ. En “*Historia de San Sadurniño*. (2)” . Estudos Mindonienses 30. (2014).

### O NICHU DE FERNANDO DE ANDRADE

O segundo enterramento é o de Fernando de Andrade. É tamén o segundo no tempo. A tampa ten labrada a estatua xacente do cabaleiro vestido de guerreiro, con calzas, peto, cota e espada. A cabeza está cuberta e a cara presenta uns rasgos traballados en relevo baixo, moi plano. Os ollos semellan entrepechados, non sabemos se foi a mantenta, tendo en conta que sabemos que Fernando tivo graves problemas de cegueira na fin dos seus días, polo que sería un xeito de reflectir algo de realidade. No peto, á dereita, ten gravada unha liña crebada que semella representar o ristre ou peza que levaba a couraza para apoiar a lanza, moi axeitada naqueles tempos para exercicios e xogos de armas, como os tomeos.

Dous pequenos anxos axeonllados e orantes abeirán a súa cabeza. O anxo do lado de fóra do muro ten o cabelo curto, viste túnica con pregas regulares amarradas cun cinto. As ás son grandes e teñen labradas unhas plumas que son curtas na parte superior e longas na parte de embaixo. A cabeza do anxo queda encaixada entre as ás, os ombreiros e os brazos, que se achegan á cabeza do cabaleiro. A cara dos dous anxos está totalmente virada cara ó ceo, con falta de expresión e non se sabe se os ollos están pechados ou abertos, pero sen iris. As mans terman de cadanseu libro pechado, cos dedos polgares pola parte superior da cuberta.

Dentro do común na escultura funeraria, hai elementos que semellan indicar un desexo de imitar o sartego do devanceiro de Fernando, Nuño Freire de Andrade, que está no mosteiro de Monfero. As mans de Fernando están estiradas sobre o corpo, mentres que unha de Nuño está máis pechada e agarra un pano. En ámbolos dous casos a saba sobre a que descansa o corpo ten un pregado totalmente regular, pero na de Fernando de Andrade o escultor tampouco soubo identificar nin representar un pregado real e cinguíuse a trazar unhas liñas rectas paralelas de xeito que

máis ben aparenta unha especie de lenzo teso, con liñas transversais e cun reborde de remate que de novo ven sendo a errada interpretación do debuxo que trazaría o encontro das pregas, pero que non queda colocado entre cada dúas senón no medio de cada unha das táboas. Presenta ademais a particularidade de que polo lado que non se ve, o lado do muro, a liña do pregado non é igual senón que é unha dobre liña, o cal semella indicar que o canteiro foi outro e que é demasiado traballo facer liña dobre se non se vai ver. O erro é o mesmo que no nicho da súa muller. No sartego de don Nuño, de máis elaborada feitura, a talla do tecido da saba reflicte a colocación moi coidada con pregas ben feitas, totalmente regulares ata os bordes e esculpidas á mesma distancia. Ambos os dous casos semellan indicar que debeu ser común ese xeito de colocar o tecido que se poñía baixo o corpo do difunto, pois senón sería máis lóxico, como en outros casos, labralo liso ou mesmo con algún adorno ou reberete.

A figura do cabaleiro amósase apoiado sobre dúas almofadas, máis grande a inferior, na que descansan os ombreiros e que presenta un relevo de debuxo entrenzado pola beira, como se foran dúas fintas cruzándose en ángulo, en zigzag, semellantes ás da súa muller que por contra non fan ángulos senón ondas. Nos recantos hai unhas rosáceas, como é habitual na escultura funeraria e como na tumba de dona Inés.

Do lado da parede hai outro anxo similar, coa pedra máis meteorizada. A tosquedade podería xustificar que desde a orixe estivese embutido na parede mais non se pode excluír a boa posibilidade de que estivese exento. En calquera caso a parede amosa restos de manipulación pouco cuidada posterior ó enterramento.

Como guerreiro que era, leva a espada. Esta ten inscrita outra cruz pequena na parte superior da cruz da empuñadura.

O cabaleiro ten os brazos e as mans sobre o corpo e con elas colle a empuñadura da espada, lixeiramente descentrada, cos polgares por baixo dela e as mans por riba. As mans están metidas nunhas lubas de malla. Como ocorre de cote, aínda que non sempre, neste tipo de tampas, o cabaleiro porta a daga da clemencia para dar morte ó inimigo derrotado e ferido, ceibándoo do tempo de dor e agonía. Evidentemente para entender o da daga hai que achegarse á mentalidade daquel tempo e coñecer a dureza e crueldade daqueles séculos que reflicten obras coma A Demanda do Santo Graal.

Sorprende o feito de que na fronte do caixón non conserva inscrición nin decoración. Case se pode dar por seguro que a tivo, pois resulta moi sorprendente que a teña o caixón da súa primeira muller, dona Inés,

e o del non. Podería ser que na orixe o monumento estivera exento en non adosado á parede, co que asemellaría ós enterramentos dos seus parentes Fernán Pérez de Andrade e Nuño Freire de Andrade, o cal pode ser lóxico. Nese caso, teríanse perdido os temas dos lados longos e cadraría ben que algúns dos escudos de pedra que se atopan encastados na parede que está de fronte a esta, sobre da tumba do seu fillo Juan Freire, xunto con outras pezas perdidas, pertenceran ós lados curtos dos caixóns dos sartegos de Fernando e mais da súa muller, denantes de estaren nos muros da capela maior. Cómpre engadir que, pola contra, hai que valorar asemade que resulta raro que se perderan os motivos decorativos e ilustrativos estando sempre a igrexa, ó longo dos séculos, nas mans dos freires e baixo o padroado dos señores –logo marqueses– de San Sadurniño

Polo de agora queda prantexada a posibilidade de que os dous caixóns non estivesen encastados na parede ningún tempo. Un elemento indicativo de que foi removido é o feito de que tivo un can nos pés como cada na escultura funeraria.

O caso é que nun tempo no que a caza era unha actividade fundamental para os cabaleiros e nela o can era o compañeiro preciso, e ademais pola cualidade de fidelidade dos cans, foi costume poñer este tema ós pés do sartego dun cabaleiro. O feito de que o nicho non teña decoración e que o cadelo estea roto, pode levar a pensar que é moi doado que a sepultura estivera exenta e o can puido romper no traslado á parede.